

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **7 de novembro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP: don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica: dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 31 de outubro de 2014.

Non se procedeu a súa aprobación e sinatura.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Cultura

- Para deseño e impresión de dúas lonas publicitarias para o MIHL, por importe de 332,75 euros, a favor de **TA TA TA COMUNICACIÓN, S.L.**

Esta proposta ditaminouse favorablemente, coa abstención do PP e do BNG.

- De Policía Local

- Para adquisición de material de imprenta: talonarios de denuncia de policía de barrio, talonarios de denuncia Axente de mobilidade, libro de rexistro atestados, libro de rexistro policía administrativa, por importe de 750,25 euros, a favor de **GRÁFICAS INTEGRALES Co Ga Mi, S.L.U. (GRAFINCO DESEÑO IMPRESIÓN).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 4.150,43 euros, a favor de **DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A., LA ELÉCTRICA, ELEKO GALICIA, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Benestar Social e Igualdade

- Para impresión de dípticos, programa, carteis; reparto de carteis e programas; velas para as representacións teatrais; megafonía para o acto do día 25; ofrenda floral do día 25; 3 actuacións de “Microefectos dramaturxicos”; representación teatral da Fundación Anade; publicidade escrita no diario “El Progreso”; publicidade escrita no diario “La Voz de Galicia”; Idea, creación e participación na realización do monumento en pedra contra a violencia de xénero, todo elo dentro do PROGRAMA 25 DE NOVIEMBRE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, por importe de 7.539,36 euros, a favor de: . **PRELO, BUZONEOS DEL NORTE, ASPNAIS, A.S.A.- SON, S.L.U., GLADYS ROSENDO, ASOCIACIÓN CULTURAL MICROEFECTOS DRAMATURXICOS, ASOCIACIÓN CULTURAL NAGUAL TEATRO, PRELO, X.L., FUNDACIÓN ANADE, EL PROGRESO DE LUGO, S.L., LA VOZ DE GALICIA, S.A., LUZ MARÍA DARRIBA MAGADÁN, todos eles respectivamente.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

3. Facturas para ditame

- Dación do decreto número 14010159, de data: 06-11-2014, de aprobación de determinadas facturas.

Fóra da orde do día, ditamínáronse favorablemente:

- De Oficina Plan Urban

- Para realización das verificacións previstas no artigo 13 do regulamento (CE) 1828/2006 ás operacións encadradas no Programa de iniciativa urbana (Proxecto Urban) cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (P.O. FEDER Galicia 2007-2013), por importe de 5-082,00 euros, a favor de **AUDITORES DE EMPRESAS ASOCIADOS, S.L.**

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.